

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Valdoviño, ás vinte horas do día dezaoto de marzo de dous mil dezaseis, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación para celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día.

Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten todos os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabin Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa do PSdeG-PSOE; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona María Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luis Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño ( U POR V).

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González; sesión na que, trala abertura pola Presidencia, se debateron e adoptaron os seguintes acordos, conforme á Orde do Día:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 19.02.16.-**

O citado borrador resultou aprobado polo Concello-Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade.

### **2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE Nº 2/2014, DE DESAFECTACIÓN DE TRAMO DE CAMIÑO EN AUGALEVADA (VILABOA), SOLICITADA POR DON GUMERSINDO CANEIRO VILELA.-**

*Visto o ditame favorable da comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa emitido en sesión do 14.03.16, sobre a proposta de Alcaldía de aprobación do expediente do tenor literal seguinte:*

“Vista a aprobación inicial do expediente de desafectación como camiño público sito no Lugar de Augalevada e que discorre entre as parcelas nº 1.047 e 1.048 do Polígono 54 de Catastro Rústica do Concello de Valdoviño en data 20 de febreiro de 2015.

Vista a publicación efectuada no BOP e Tablón de Anuncios do Concello durante o período dun mes para información pública así como a notificación aos interesados, non habendo alegacións á mesma.

A vista dos informes técnicos e xurídicos que obran no expediente.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO-** Aprobar definitivamente a desafectación do tramo do vial indicado.

**SEGUNDO-** Reflexar na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais necesarias.

**TERCEIRO-** Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das entidades locais.

**CUARTO-** Notificar o presente acordo aos interesados.

Valdoviño, a 29 de febreiro de 2016.

O ALCALDE,

ASDO: ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación definitiva do expediente de desafectación de tramo de camiño (expte. Nº 2/2014), conforme á proposta de Alcaldía transcrita.**

### **3º.- APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM.02/2016.**

*Proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente na comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa en sesión do 14.03.16:*

“En aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, que sinala que o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercizos anteriores que, por calquera causa, non fosen liquidadas naqueles aos que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación no caso de que non exista consignación Orzamentaria específica.

Tendo en conta ademais que, neste caso concreto é posible a súa realización con cargo ás Bolsas de Vinculación xurídica que se sinalan a continuación, do vixente Orzamento Xeral da Corporación (PRORROGADO) para o exercizo 2016.

<b>BOLSA VINCULACION</b>	<b>Denominación</b>	<b>CRÉDITO DISPOÑIBLE</b>	<b>Importe REC 01/2016</b>
3.2	Producción de bens públicos e de carácter preferente. Gastos en bens correntes e de servizos.		<b>5.300</b>
4.2	Administración xeral. comercio turismo		<b>1.440,53</b>
1.2	Alumbrado público y estudios y trabajos técnicos.		<b>11.557,24</b>
9.2	Administración xeral		<b>4.818,39</b>

	TOTAL		<b>23.116,16 €</b>
--	-------	--	--------------------

Visto e considerando o informe emitido pola Interventora Municipal de data 8 de marzo de 2016

Considerando que os gastos recollidos nas facturas e demais documentos acreditativos do gasto realizado que se conteñen no expediente corresponden a prestacións que foron efectivamente ordenadas pola Administración, foron executadas a satisfacción desta e aos seus prezos se axustan ao pactado e ao mercado.

Atendendo ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Levantar reparo suspensivo da intervención municipal de 8 de marzo de 2016.

**SEGUNDO.** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2016 por importe de **23.116,16 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

1. Relación de facturas 3/2016 por importe de 23.116,16 euros, que comeza pola factura con nº de rexistro emit 2 por importe de 10.648 euros emitidas por ZIFRA INGENIERIA S.L. e remata pola nº A10617 de rexistro de ANDRÉS GONZÁLEZ FERREIRA por importe de 52.8 euros.

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2016, os correspondentes créditos: 23.116,16 €, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.

Valdoviño a 8 de MARZO de 2016.

ALCALDE,

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ.”

**O Pleno da Corporación, vista a proposta de Alcaldía e o seu ditame favorable, acordou en votación ordinaria e por unanimidade, a súa aprobación.**

#### DELIBERACIÓN

O Sr. Alclade fai lectura das facturas e dos seus importes.

O Sr. Ameneiros pregunta si se paga factura de Intermax do local de maiores, e responde o Sr. Vigo que él se atopou cando saíu Alcalde que a Corporación anterior tiña tamen concertado con Intermax para o local de maiores.

Falase ademáis da cobertura nas distintas parroquias e o Sr. Vigo propón se faiga unha moción para Telefónica para poder mellorar o servizo da cobertura no término municipal.

**4º.- INICIACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE PARA A DETERMINACIÓN DA LOCALIZACIÓN DOS FITOS DA LIÑA LÍMITE CO CONCELLO DE MOECHE.-**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN**

“Visto o escrito do concello de Moeche, relativo a discrepancias xurdidas relativas á localización dos fitos que determina a liña límite do deslinde entre ese concello e o concello de Valdoviño, reflectido na acta de deslinde asinada polos representantes de ámbolos dous concellos, con data 19 de xullo de 1940; escrito ao que acompañan Certificado do Pleno da Corporación no que acordan iniciar procedemento para determinar a localización dos fitos da liña límite entre os Concellos de Moeche e Valdoviño e propoñen data para celebración do acto, esta Alcaldía

PROPÓN AO PLENO DA CORPORACIÓN a adopción dos seguintes **acordos**:

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento para determinar a localización dos fitos da liña límite entre os Concellos de Valdoviño e Moeche, de acordo co establecido na acta de deslinde de 19 de xuño de 1.940.

**SEGUNDO.-** De conformidade co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 5/1997 de administración local de Galicia e 17 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, nomear como membros da Comisión, que levará a cabo a verificación das operacións de deslinde, a:

- Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do concello de Valdoviño.
- Don Benito Vega Fernández, concelleiro do concello de Valdoviño.
- Dona Jessica Sabín Fernández, concelleira do concello de Valdoviño.
- Don Esteban García Alonso, concelleiro do concello de Valdoviño.

**TERCEIRO.-** Designar a don Andrés Romeu García e a don Elisardo Paz Vilela como persoas que polos seus coñecementos do termino municipal e acreditado xuízo poden xustificar o sitio no que estiveron os fitos ou sinais divisorias, para que acudan ao acto de deslinde por parte deste municipio.

**CUARTO.-** Facultar ao Sr. Alcalde don Alberto González Fernández para designar un Perito que asistirá ao Concello nas labours de deslinde.

**QUINTO.-** Comunicar o presente Acordo ao concello de Moeche para o seu coñecemento e efectos, aceptando a súa proposta como data para a celebración do acto de deslinde o día 5 de abril de 2016 ás 9,00 horas na Casa do Concello de Moeche.

Non obstante o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño, 15 de marzo de 2016

O Alcalde,  
Asdo.: Alberto González Fernández”

#### DEBATE

Sr. Alcalde.- Esta proposta presentase, a raíz de escrito do concello de Moeche, para determinar a localización dos fitos da liña límite entre este Concello e Valdoviño. Proponse unha comisión composta de catro membros (concelleiros) e nomear a dúas persoas de Valdoviño, coñecedoras dos límites.

**O Pleno, en votación ordinaria e por maioría, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede.**

**Votaron a favor todos os concelleiros, agás o concelleiro de CENVAL (Sr. Beceiro Rodríguez) e o concelleiro do BNG (Sr. Amenerios Serantes), quenes se abstiveron.**

#### **5º.- PROPOSTA DE MOCIÓN EN TODOS OS CONCELLOS DE GALIZA PARA O CUMPRIMENTO REAL E EFECTIVO DA CARTA EUROPEA DAS LINGUAS REXIONAIS E MINORIZADAS, PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-**

Antes de tratar este asunto, o concelleiro do BNG, Sr. Ameneiros, indica que aínda que lle deu entrada por rexistro municipal, prefire que esta moción da Mesa pola Normalización Lingüística a presentar en todos os concellos, sexa defendida polo Grupo de Goberno.

De orde da Presidencia, a Sra. Secretaria da lectura do texto da moción que ten o seguinte contido:

“O pasado 21 de xaneiro facíase público o 4º *Informe de avaliación do cumprimento da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* elaborado polo Comité internacional de expertos. Ao tempo, e baseadas neste informe, facíanse públicas as recomendacións do Comité de Ministros do Consello de Europa ao Estado español.

Nestas recomendacións, o Comité de expertos e o Comité de Ministros sinalan os aspectos que cómpre corrixir para o cumprimento efectivo das garantías que o Estado español e a propia Xunta de Galiza se comprometeron a cumprir ao ratificar a Carta en 2001,

O Concello/ ~~Asociación/Institución/~~ de VALDOVIÑO manifesta o seu compromiso coa *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minorizadas*, tratado internacional que garante os dereitos lingüísticos, nomeadamente en relación á lingua galega como lingua propia e oficial de Galiza e

**INSTA á Xunta de Galiza a:**

-Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e esixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

-Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na liña 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na *Carta*, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

-Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

-Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

-Garantir una oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

Asdo: Alberto Ameneiros Serantes (14/03/16)''.

## DELIBERACIÓN

Sr. Ameneiros Serantes.- O problema radica en que nen a Xunta nen o ensino emprega o galego nas materias de carácter técnico. O castelán está garantido, e o que é preciso é manter o noso idioma.

Sr. Vigo Lago.- Baixei o informe de internet (son unas 188) páxinas e non teño coñecemento abondo para dicidir agora mesmo polo que no meu grupo imonos abster.

Sr. Beceiro Rodríguez.- O mesmo que se propoñen edificios nosos como patrimonio da Humanidade a nosa lingua debe ser tamén un patrimonio.

Sra. García López.- Facemos nosa – (no noso grupo)- a moción do BNG porque a política da Xunta en isto foi nefasta nos últimos anos: diminuíron as materias a impartir en galego, cando un neno ten que educarse na súa lingua. Precísase un novo decreto consensuado.

Sr. Ameneiros Serantes.- Alude á conveniencia de ter contratada unha persoa no concello para normalización lingüística, opinión que o Sr. Alcalde comparte, dicindo que efectivamente houbo un erro, pero si que hai que pedir a subvención para esta contratación.

**O Pleno en votación ordinaria e por maioría, prestou aprobación a moción antedita, que contou co voto favorable de todos os grupos municipais, agás do grupo municipal do Partido Popular, quen se abstivo.**

#### FÓRA DA ORDE DO DÍA

O voceiro do Partido Popular, Sr. Vigo Lago, anuncia a presentación polo seu grupo dunha **MOCIÓN**, referente a medidas para as explotacións do sector primario: agrarias, ganderías e forestais.

**O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade acordou aprobar a urxencia da moción.**

#### **.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE VALDOVIÑO**

“O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Valdoviño, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte **MOCIÓN**:

#### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O Goberno galego, co seu presidente e a consellería do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolen a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, cómpre, que dende o Goberno Central se aprrobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Neste sentido, na Sesión do 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Ferrol Terra, propono ao Concello de Valdoviño a aprobación dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos

Concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e o 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda que éstas estén sin uso por cese de dita actividade.

**Segundo.-** Trasladar ó Ministerio de Facenda e ós Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o mais amplias posibles na súa tributación.

**Terceiro.-** Que establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación as súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario.

**Carto.-** Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 no futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensable para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Quinto.-** Establecer o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

**Sexto.-** Aplicar sobre as explotacións agrarias e gandeiras un coeficiente de tributación sobre o valor catastral do 0,3%. De existir un cambio na lexislación vixente o coeficiente a aplicar será o mínimo esixible.

Valdoviño, a 18 de Marzo de 2016.

Asinado: José A. Vigo Lago

Voceiro/ concelleiro do Grupo Municipal do PP”

#### DELIBERACIÓN

Sr. Vigo Lago.- Trátase de que os gastos e tributos que ten o sector gandeiro e forestal se vexan reducidos.

Sr. Ameneiros Serantes.- Isto pídeno máis grupos que o Partido Popular. Non entendo se debe ser o “0,3% “, pero vou votar a favor, aínda que creo que as cousas así, non se fan.

Sr. Alcalde.- Preguntaría cales son as medidas do Goberno Galego para impulsar o sector primario. Valdoviño foi o primeiro en regularizar o catastro cando non era aínda obrigatorio.

Sr. Vigo.- Foi imposto polo Goberno Central, fíxoo Valdoviño e tamén oito concellos máis do redor.



Sr. Alcalde e Sr. Ameneiros.- Non había présa, había prazo ata o ano 2017.

**O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a moción do grupo municipal do PP transcrita.**

#### **CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

##### **6º.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA, EXERCIZO 2015.-**

Informa o Sr. Alcalde de que deste punto se deu tamén conta na comisión informativa previa ao pleno, en sesión do 14.03.16 e de que a interventora Sra. Paula Campos, cesou , polo que fará lectura do texto deste punto, a Sra. Secretaria.

**Dáse conta aos presentes, da liquidación segundo o seguinte contido que se reproduce literal e da que a Corporación tomou coñecemento.**

“Visto que con data 26.02.2016, unha vez recibidos os datos revisados para o peche contable, tras a comprobación realizada pola Deputación Da Coruña subministradora do programa de contabilidade, incoouse procedemento para aprobar a liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2015.

Visto que con data 26/02/2016 emitíuse Informe de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, do que resulta o cumprimento do mesmo.

Visto que con data 26/02/2016 foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, sobre materia orzamentaria.

#### **RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2015, de acordo coa documentación que figura no expediente e cos datos que se extraen da contabilidade municipal, que presenta as seguintes magnitudes fundamentais:

<b>RESULTADO ORZAMENTARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
1. Dereitos recoñecidos netos:	<b>4.959.267,80</b>
2. Obrigas recoñecidas netas:	<b>5.045.788,48</b>
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	<b>-86.520,68</b>

4. Desviacións positivas de financiamento (-):	45.018,83
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	109.465,35
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	18.564,82
<b>7. Resultado Orzamentario axustado:</b>	<b>-3.509,34</b>

<b>I. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2015:</b>	
1. Dereitos liquidados no 2015 pendentes de cobramento	9.799,07
2. Dereitos liquidados correspondentes aos exercicios pechados	898.471,69
3. Saldo conta de debedores non orzamentarios	19.295,28
4. Saldo contas 554 e 558, pendentes de aplicación	328,08
5. Total [1 + 2 +3-4]	<b>927.237,96</b>
<b>II. Obrigas recoñecidas pendentes de pagamento a 31-12-2015:</b>	
1. Obrigas recoñecidas no 2015 pendentes de pagamento	348.161,98
2. Obrigas liquidadas correspondentes aos exercicios pechados	203.691,23
3. Saldo de contas de acredores non orzamentarios	208.581,13
4. Saldo contas 555 e 559 pendente de aplicación	548,13
5. Total [1 + 2 +3-4]	<b>759.886,21</b>
<b>III. Fondos líquidos da Tesourería a 31-12-2015:</b>	
1. Fondos líquidos	<b>577.919,23</b>
<b>IV. Remanente de Tesourería:</b>	
1. Dereitos pendentes de cobramento a 31-12-2015	927.237,96
2. Obrigas pendentes de pagamento á mesma data	759.886,21
3. Fondos líquidos na Tesourería en fin de Exercicio	577.919,23
<b>4. Remanente de Tesourería Total [1-2 +3]</b>	<b>745.270,98</b>
5. Saldos pendentes de cobramento de difícil ou imposible recadación	860.740,71

<b>6. Exceso de financiamento afectado</b>	<b>0</b>
<b>7.SALDO DE obrigacions endentes de aplicar ó presuposto a final</b>	<b>134.630,87</b>
<b>8. saldo de acreedores por devolucion de ingresos a final de periodo</b>	<b>9.699,42</b>
<b>7. Remanente de Tesourería para gastos xerais [4-5-6-7-8]</b>	<b>-259.800,02</b>

**SEGUNDO.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**TERCEIRO.** Na medida en que do Informe de Intervención de Avaliación do Cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria se deduce o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, non será preciso elaborar o Plan Económico-Financeiro, ao que se refire o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

**CUARTO:** Cando o remanente de tesourería para gastos xerais axustado é negativo , como é o caso, será necesario aplicar ningunha das medidas do artigo 193 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais que suporían en primeiro lugar, que o Pleno da corporación ou o órgano competente do organismo autónomo,segundo corresponda, deberían proceder, na primeira sesión que celebren, á redución de gastos do novo orzamento por contía igual ao déficit producido. En caso de non ser posible, poderíase acudir ao concerto dunha operación de crédito polo seu importe, sempre que se dean as condicións sinaladas no artigo 177.5 do texto refundido e finalmente, de non se adoptar ningunha das medidas previstas nos dous apartados anteriores, o orzamento do exercicio seguinte tería que aprobarse cun superávit inicial de contía non inferior ao repetido déficit.

**QUINTO.** Unha copia desta Liquidación unirase á Conta Xeral do Orzamento tal e como establece o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e tamén remitirase unha copia da mesma á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e outra ao órgano competente da Delegación de Facenda estatal tal e como prescribe o artigo 193 da Lei de Facendas Locais e o artigo 91 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, antes de concluír o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

O manda e asina o ALCALDE, ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ, en Valdoviño, a 29 de febreiro de 2016; do que, como SECRETARIA, dou fe.

**SECRETARIA**

**ALCALDE,**

**CARLOTA GONZALEZ NAVARRO ALBERTO GONZALEZ ERNANDEZ”.**

Trala toma de coñecemento, comenta o Sr. Alcalde que se da unha situación non axustada con orixe principalmente no ano 2010, e que agora hai que ir facendo unha depuración.

**7º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 02/2016.-**

050	12-02-2016	Renuncia tramitación autorización instalación tempada de verano de praias na zona de Dominio Público Marítimo Terrestre correspondente o ano 2016.
051	15-02-16	Aprobación gastos e pagamentos contidos nas relacións contables O/2016/2 a O/2016/9 por un importe bruto de 69.666,60 euros.
052	16-02-2016	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 19.02.16.
053	16-02-16	Aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos para cubrir unha praza de xeito temporal dun operario de maquinaria no concello de Valdoviño.
054	17-02-16	Concédeselle a traballadora E. L.M. o día 18 de febreiro de 2016 coma de asuntos particulares. (Correspondente a anualidade de 2015).
055	17-02-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 18.02.16.
056	17-02-16	Concédenselle o funcionario R.D.E. os días 22, 23, 24,25 y 26 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes a anualidade de 2015).
057	18-02-16	Aprobación das cotas de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de xaneiro de 2016. Importe total: 6.327,28 euros.
058	18-02-16	Cambio de titularidade do local sito no lugar Paseo da Lagoa do solicitante M.P.V.
059	18-02-16	Resolución de inicio dun expte sancionador de tráfico. Importe: 80 euros. Importe bonificado: 40 euros.
060	18-02-16	Concédenselle a funcionaria MC. L.R. os días 29 de febreiro e 1, 2,3 e 5 de marzo de 2016 coma de asuntos propios. ( Correspondentes a anualidade de 2015)
061	18-02-16	Concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a nome de J.C.V.
062	22-02-16	Autorización actividade á Seguros Mapfre de Valdoviño para campaña de revisión de vehículos “Diagnosis Integral” na parcela de titularidade municipal, integrada no coñecido como “Solar de Covacano” o día 03 de marzo de 2016.

063	22-02-16	Concédeselle o funcionario S.L.V. o día 24 de febreiro de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes á anualidade de 2015).
064	22-02-16	Aprobada a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para cubrir unha praza de xeito temporal dun operario de maquinaria no Concello de Valdoviño e emprazamento a aspirantes para realizar a 1ª proba da oposición.
065	24-02-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 25.02.16.
066	24-02-16	Concédenselle ao traballador J J. P. F. os días 21,22 e 23 de marzo coma de asuntos particulares.
067	26-02-16	Extinción do servizo de axuda no fogar á usuaria dona M.D.L. por comunicación de falecemento.
068	26-02-16	-Aprobación retribucións dos funcionarios do Concello de Valdoviño para o mes de febreiro de 2016 por importe bruto de: 52.542,79€; tamén do persoal laboral do Concello de Valdoviño para o mes de Febreiro de 2016 por importe bruto de: 4.087,34€, e as retribucións a abonar neste mes aos membros da Corporación do Concello de Valdoviño por importe bruto de: 4.711,31€.
069	29-02-16	Aprobación liquidación do Orzamento Xeral de 2015.
070	28-02-16	Aprobación dos resultados da 1ª fase da oposición, fixación da data para 2ª proba o día 02 de marzo de 2016, e acordos derivados, para cubrir unha praza de xeito temporal dun operario de maquinaria no Concello de Valdoviño.
071	29-02-16	Decreto resolución de inicio de expediente sancionador de tráfico. Importe: 200,00 euros. Importe bonificado: 100,00 euros.
072	01-03-16	Aprobación gastos diferentes facturas e autorización pagamento. Importe total: 3.693,60 euros.
073	01-03-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local 03.03.16.
074	01-03-16	Concédeselle a funcionaria P. R. Ro día 03 de marzo de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes á anualidade de 2015).
075	02-03-16	Resolvendo cumprimento de notificación de dilixencia de embargo emitida pola Axencia Tributaria sobre aa empresa Ofinolta S.L. por importe de 1.601,73 euros.
076	03-03-16	Suspensión da executividade da Resolución de data 11 de decembro de 2013 dictada no expediente RLU 3/2013 en relación á denuncia interposta por dona D.R.G contra don M.G.L. e dona M.B.A.
076- BIS	03-03-16	Concédeselle o funcionario S. L. V. o día 04 de marzo de 2016 coma de asuntos propios (correspondentes á

		anualidade de 2015).
077	04-03-16	Concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía a peticionaria dona M.C. B.B.
078	07-03-16	Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra “Saneamento e auga potable no Moucho” (Meirás) presentado pola empresa “JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CONSTRUCCIONES S.A.”
079	07-03-16	Concédesenlle a funcionaria R.T. R. os días 21,22 e 23 de marzo coma de asuntos propios (correspondentes á anualidade de 2015).
080	07-03-16	Concédenselle a funcionaria R. G.V.os días 14, 15, 16, 17, 18, 21, 22,23 de marzo e 14 de abril de 2016 coma de asuntos propios (correspondientes á anualidade de 2015).
081	07-03-16	Levantamiento reparo suspensivo pola intervención municipal de data 07.03.16 e aprobación gastos e autorización pagamentos contidos nas relacións contables O/2016/12 a O/2016/17 e O/2016/19 por un importe bruto de 52.581,25 euros.

**O Pleno da Corporación tomou coñecemento dos decretos da relación precitada.**

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS**

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO BNG.- SR AMENEIROS SERANTES.-  
Interesase polos seguintes temas:

- .-Obra de Porto do Cabo.
- .-Socorrismo piscina (solicitud subvencion personal).
- .-Plan Xeral de ordenación Municipal (criterio do grupo de goberno).

Sr. Alcalde.- En canto ao problema de Porto de Cabo, sabemos que ao importe que ten que pagar o Concello, fixado na sentenza, hai que sumarlle os intereses.

En canto á obra, falta instalación da electricidade, automatismos na propia depuradora, as bombas non funcionan.

Se está tramitando ó dos verquidos, para que non teñamos que seguir recibindo multas.

No referente á subvención se fixo alegación para evitar a devolución dos cartos, estamos á espera de resposta.

Sr. Vigo Lago.- Nós fixeramos esa xestión da alegación tamén.

Sr. Alcalde.- Para o socorrismo imos pedir subvención de persoal.

Sr. Ameneiros Serantes.-

- Vai saír subvención da Deputación para Turismo. Creo que se poden presentar proxectos conxuntos (con outro/s concello/s).

Sr. Alcalde.- Valdoviño está limitado, porque moitas axudas saen como inversión e non podemos cursar solicitudes de subvención polo estado de inestabilidade económica.

Sr. Alcalde.- O documento do PXOM remitido a Xunta, hai que cambialo. Dikir que moitas suxestións que está presentado a xente son moi lóxicas e deben valorarse coa nova Lei, porque mañá entra en vigor a nova Lei do Solo de Galicia.

Sr. Ameneiros.-

- Na estrada que vai á igrexa en Meirás, hai un furado grande. Creo que deriva dunha obra de Aquagest.

Sr. Bacorelle.- Eu, igualmente que o Sr. Ameneiros, teño entendido que se debe a obra Aquagest.

#### INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL U POR V.- SR BACORELLE ROBLES.-

- .- Non fixeron vostedes (grupo de Goberno) comisión informativa das distintas áreas.

Sr. Alcalde.- Fíxose unha

Sr. Bacorelle.- Sí, pero soio a previa ó pleno.

- .- ¿Cómo está a tramitación do camping municipal?

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Estamos traballando no prego, falta o estudio económico financeiro para poder completalo. Unha vez feito, faremos comisión.

- .- ¿ Vaise abrir a Oficina de Turismo durante a Semana Santa? O pregunto, porque Vostedes cando estaban na oposición o pediron.

Sra. García López.- Estudiamos a posibilidade, pero unha vez valorado e falado coa empresa, optamos a non abri-la; antes sería máis convinte a ampliación na tempada de verán.

- .- ¿ Hai algunha novidade do local do mercado?

Sr. Alcalde.- Non; único que entregaron ás chaves ao concello.

- .- ¿Presentaron recurso ante a sentenza das vivendas de Campelo?

Sra. Secretaria.- A sentenza é firme.

*/Visto que o Sr. Bacorelle nos dispón da derradeira sentenza, o Sr. Alcalde indicalle que se lle fará chegar para consulta/.*

INTERVENCION DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL.- SR. BECEIRO RODRÍGUEZ.-

Intervén cos asuntos seguintes:

- .- ¿ O socorrismo vaise levar con empresa contratada ou con traballadores do concello?

Sr. Alcalde.- Pediremos apoio económico á Deputación. Agardamos instrucións do Ministerio co tema do Surf, en tema de xestión e para a saber o que nos encomendan aos concellos porque temos que organizar a xestión das praias, pero cobran eles as taxas ás escolas de surf e sen embargo nos obrigan a determinar nós as zonas de actuación das escolas e clubs de Surf , e non temos capacidade para facelo, polo que falaremos disto coa Demarcación de Costas.

- .- ¿ Cando se vai aperturar o PAI?

Sr. Alcalde.- Estamos pendentes dunha resposta da Xunta, o problema é fundamentalmente económico, pero penso que estamos en vía de solución. En Valdoviño, máis dun 10% do orzamento vai para a dependencia, o que reduce a capacidade no resto dos ámbitos sociais.

- .- ¿ Fíxose a limpeza do camiño real?

Sr. Vega Fernández.- Vaise facer

- .- Rogo se inste á Deputación a limpeza de cunetas na zona se Aviño.

- .- ¿ En qué fase está a contratación da limpeza de edificios municipais?

Secretaria.- O último feito foi a designación de Comité de Expertos, e a súa notificación.

- .- ¿ Cómo se atopa a contratación do mantemento eléctrico?

Sr. Alcalde.- Temos problema cos prazos de tempo e económicos.

- .- ¿ Temos conta do gastado no Cameleiro? Pedira datos ( da merca de grupo electróxico, do custo de obras fóra do convenio ou contrato, gasto gasóleo...)

Sr. Alcalde.- Case en tres semás, gástanse ao redor de 1500€; uns 25.000€ ao ano.

O segundo xerador está deteriorado, pero hai que telo, supón unha inversión.

.- O custo das obras a maiores, comprobáremolo.

Sr. Vigo Lago.- Houbo roubos no gasóleo, no noso mandato e deramos parte á Garda Civil.



- .- Faigo a suxerencia de que se revisen as obras de reparación que se fixeron en pistas; proxectos: Reparación e mellora de pistas nas parroquias de Arriba e parroquias de Abaixo”.
- .- ¿ Qué se acordou na reunión de Transportes?

Sr. Alcalde.- Houbo reunión de concellos da zona, poñéndose de manifesto as carencias do transporte público e a deixadez da Xunta de Galicia no control da empresa do transporte; polo que se acordou esixir á Xunta que nos remitiran os títulos concesionais, porque a empresa poderá variar o horario, pero ten que manter as frecuencias. Dentro dun mes haberá que prorrogar, Valdoviño deixará de ter a tarifa reducida e ao mellor teriamos que tomar unha decisión en pleno.

- .- Teño documentos pedidos por rexistro, fáltame parte deles.

Sra. Secretaria .- Sí, a copia do planeamento que pode consultalo, pero é máis complicada a copia de todo o expediente.

INTERVENCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.- SR. VIGO LAGO.

- .- Traslada rogo de veciños de Meirás de que se efectúe limpeza de pistas de concentración ( no lugar de Funchal). (Mostra ao pleno fotografía do estado das pistas)

Sr. Alcalde.- Primeiro limparemos na zona municipal.

- .- Había un proxecto do saneamento en Montefaro. ¿Hai algunha subvención para a obra?

Sr. Alcalde.- A pedimos ao Director Xeral e non no la dan.

Sr. Vigo Lago .- Pido copia do escrito.

Sr. Alcalde .- Foi por vía telefónica.

- .- En Vilaboa destruíron camiño por mor de saca e tala de madeira.

Sr. Alcalde.- Estase nese tema, pero faise complicado porque a propietaria do monte é de Moeche.

- .-¿ En qué consiste o modificado do proxecto dos bombeos do POS 2014?

Sr. Alcalde.- Consiste nun cambio de trazado, sen variar o importe económico. O modificado está aprobado e mandouse a documentación á Deputación.

- .- ¿Foi o Sr. Alcalde a Santiago polo asunto da volta ciclista?

Sr. Alcalde.- Si, a volta celebrábase en agosto, pero non temos aínda o itinerario.

- Sr. Vega Fernández.-¿ As bombas da obra “Bombeo na Cubeta”, estaban instaladas ? O pregunto porque houbo roubo.

Sr. Vigo Lago e Rodríguez Fernández.- Sí que estaban, e incluso se acometera a instalación eléctrica.

- Sr. García Alonso.- ¿Houbo problema con técnicos de Medio Ambiente, pola limpeza na zona do camping?

Sr. Vega Fernández.- Ningún problema; ademais se lles comunica sempre antes efectuar a limpeza dunha zona.

Sr. García Alonso.- ¿Para cando está prevista a limpeza na zona do paseo da paria ata O Golpiño?

Sr. Vega Fernández .- Farase, cando teñamos medios, ten que ser manual.

O Sr. Alcalde informa ao Pleno de que:

.- Conversouse con Carreteras para cambiar algúns puntos das estraaas á titularidade do Concello para cubrir necesidades, como para aparcamentos.

.- Persouse o Xerente da área sanitaria en Valdoviño e abordouse posibilidade de ampliación de zona pública.

.- Na Porta do Sol houbo que cambiar farolas do alumeadado público por seguridade, porque caían. A empresa adxudicataria xa non existe coma empresa (pero vaise incautar o aval). Nas novas farolas aumentouse a potencia.

Rematados os asuntos a tratar, cando eran as vinte e dúas horas deste día, o Sr. Alcalde-Presidente procede a rematar a sesión, da que se estende a presente acta, que coma Secretaria, CERTIFICO.

V. e Pr.

A Secretaria,

O Alcalde,